



POESÍA FEMININA

Recital dedicado á poesía escrita por mulleres

Música: Juan Durán

Voz: Nuria Lorenzo

Piano: Alejo Amoedo



30 DE ABRIL DE 2021. REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES
A CORUÑA

Poesía femenina

Recital dedicado á poesía escrita por mulleres



Alfonsa de la Torre

Alfonsina Storni

Gabriela Mistral

Julia Uceda

Marica Campo

Rosalía de Castro

2021

Música: Juan Durán / Voz: Nuria Lorenzo / Piano: Alejo Amoedo

Programa

🌀 **Engrandecí con lágrimas.** Poema de Alfonsa de la Torre

🌀 **Baixei ao teu amor...** Poema de Marica Campo

🌀 **Versos a la tristeza de Buenos Aires.** Poema de Alfonsina Storni

🌀 **Antígona.** Poema de Julia Uceda

🌀 **Tríptico rosaliano.** Poemas de Rosalía de Castro

- Cada noite eu chorando pensaba...
- Tecín soia
- Lúa descolorida

🌀 **Tríptico de amor y ausencia.** Poemas de Gabriela Mistral

- Vergüenza
- Ausencia
- Balada

Sabemos que en Galicia temos a un Premio Nacional de Poesía da categoría de Julia Uceda? Somos coñecedores da existencia dunha poeta, ensaísta e dramaturga, membro da Xeración literaria do 36, da altura de Alfonsa de la Torre? Temos lido algún poema da malograda Alfonsina Storni? O Premio Nobel de Literatura concedido no seu día ao chileno Pablo Neruda foi precedido anos antes por outro premio Nobel a outra chilena universal: Gabriela Mistral, á que a historia quixo reducir a unha entusiasta mestra de escola.

Aínda que moitas persoas empéñanse en manifestar que a situación das mulleres poetas xa está totalmente parella coa dos homes, o certo é que cando se dan listas de escritores, eles seguen sendo maioría. A situación, xa que logo, non está nin moito menos normalizada, e isto a pesares de que a literatura con voz feminina luce unha calidade indiscutible ao longo do tempo, basta lembrar nomes lendarios: Juana Inés de la Cruz, Rosalía de Castro... a nómina de poetisas de recoñecido prestixio é sorprendente.

Pero aínda son moitas as voces silenciadas, cando non esquecidas ou decididamente ignoradas. Safo, como sabemos, foi desprezada por crear unha escola para mulleres; a Leonor de Aquitania considerábanlle unha desequilibrada por exercer de poeta; Cecilia Böhl de Faber asinou con nome masculino a súa obra. Poñer en valor as poéticas con voz feminina segue a ser unha necesidade incuestionable. Como diría Xohana Torres no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega «as mulleres sostemos a metade do ceo».

Musicalizar esas poéticas femininas, poñer arte sobre arte a partir do canto e do piano, cumpre pois unha dobre función: descubrir a música que subxace no verso a fin de que a voz e o piano camiñen da man e manteñan unha conversa entre iguais, e á vez darlle vida sonora a eses versos, narrar o son dende unha actitude de respecto e dignidade cara a eses orixinais poéticos que son perdurabilidade na nosa memoria.

Poemas

Alfonsa de la Torre (Cuéllar –Segovia-, 1915-1993)
Premio Nacional de Poesía, 1995

🔗 **ENGRANDECÍ CON LÁGRIMAS, publicado en “Lírica Hispana”, 1960**

Engrandecí con lágrimas tu cauce,
tu fuego alimenté con rojas llamas,
y no me queda un pájaro en las ramas,
ni al borde de mi río un triste sauce.

Se lo llevó el dolor de avara fauce
desde que no me buscas ni me llamas,
estoy en duelo porque no me amas
y no encuentro en la vida qué me encauce.

Como resto de nave, a la deriva
me pierdo en los mares del invierno,
sin saber si estoy muerta o estoy viva.

Y puede ser que llamen a este infierno
vida, cuando el vivir ya sólo estriba
en un morir profundo, lento, eterno.

Marica Campo (Val do Mao –O Incio, Lugo-, 1948)

🔗 **BAIXEI AO TEU AMOR, do poemario “Pedínche a luz prestada”, 2001**

Baixei ao teu amor e foi un pozo:
escuridade moita e máis misterio,
alube de terror e cativerio,
pero eu vinte de luz e tiven gozo.

Todo estaba de estrea, todo mozo,
non sabía da dor nin do cauterio,
oía só o son do teu salterio
e brincábame o sangue co alborozo.

¡Canta lúa afogada na soidade
do teu rostro negado de cotío!
Nunca souben quén eras de verdade.

¡Canta noite perdida, canto frío,
coidando ser feliz nesa cidade
que fundaches por min no desvarío!

Alfonsina Storni (Capriasca –Arxentina-, 1892-1938)

☞ **VERSOS A LA TRISTEZA DE BUENOS AIRES, publicado en “Ocre”, 1925**

Tristes calles derechas, agrisadas e iguales,
por donde asoma, a veces, un pedazo de cielo,
sus fachadas oscuras y el asfalto del suelo
me apagaron los tibios sueños primaverales.

Cuánto vagué por ellas, distraída, empapada
en el vaho grisáceo, lento, que las decora.
De su monotonía mi alma padece ahora.
—¡Alfonsina!—No llames. Ya no respondo a nada.

Si en una de tus casas, Buenos Aires, me muero
viendo en días de otoño tu cielo prisionero
no me será sorpresa la lápida pesada.

Que entre tus calles rectas, untadas de su río
apagado, brumoso, desolante y sombrío,
cuando vagué por ellas, ya estaba yo enterrada.

Julia Uceda (Sevilla, 1925)

Premio Nacional de Poesía, 2003

☞ **ANTÍGONA, del poemario “Sin mucha esperanza”, publicado en “Ágora”, 1966**

Yo sé que un día
voy a salir por estas calles,
como un trozo de llama,
quemando el aire con mi grito;
incendiando los lechos
y las fuentes.

No me compréis con lágrimas.
No tendáis vuestra mano
hacia este falso mármol
de las mías.

No me digáis,
no me digáis
ya más...
Lo sé ya todo.
Cerrad las puertas,

liberad a los perros
y a los pájaros, regad
las flores: será
la última vez...

Y no dejéis
que los grifos abiertos
inunden las estancias:
que el pétalo amarillo
de las horas encienda
de frío sol los ámbitos vacíos.
Después, dejadme
dormir.

Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-1885)

☞ **TRÍPTICO ROSALIANO, do poemario “Follas novas”**

Cada noite eu chorando pensaba:
Que esta noite tan grande non fora,
Que durase... e durase... antre tanto
Que a noite das penas
Me envolve loitosa.

Mais a luz insolente do día,
Constante e traidora,
Cada amañecida
Penetraba radiante de gloria
Hasta o leito donde eu me tendera
Coas miñas congoxas.

Desde entonces busquei as tiniebras
Mais negras e fondas,
E busqueinas en vano, que sempre
Tras da noite topaba ca aurora...

So en mi mesma buscando no oscuro
I entrando na sombra
Vin a noite que nunca se acaba
Na miña alma soia.

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.

Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virm'a erguer,
el xa non me pousará.

¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
Ferve o pote... mais, meu caldo,
soíña t'hei de cear.

Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soídás.

O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime ond'está.

Lúa descolorida

como cor de ouro pálido,
vesme i eu non quixera
me vises de tan alto.
Ó espazo que recorres,
lévame, caladiña, nun teu raio.

Astro das almas orfas,
lúa desolorida,
eu ben sei que n'alumas
tristeza cal a miña.
Vai contalo ó teu dono,
e dille que me leve adonde habita.

Mais non lle contes nada,
deseolorida lúa,
pois nin neste nin noutros
mundos teréi fortuna.

Se sabes onde a morte
ten a morada escura,
dille que corpo e alma xuntamente
me leve adonde non recorden nunca,
nin no mundo en que estou nin nas alturas.

Gabriela Mistral (Vicuña –Chile-, 1889-1957)
Premio Nobel de Literatura, 1945

🌀 **TRES POEMAS DE AMOR Y AUSENCIA**

Vergüenza

Si tú me miras, yo me vuelvo hermosa
como la hierba a que bajó el rocío,
y desconocerán mi faz gloriosa
las altas cañas cuando baje al río.

Tengo vergüenza de mi boca triste,
de mi voz rota y mis rodillas rudas;
ahora que me miraste y que viniste,
me encontré pobre y me palpé desnuda.

Ninguna piedra en el camino hallaste
más desnuda de luz en la alborada
que esta mujer a la que levantaste,
porque oíste su canto, la mirada.

Yo callaré para que no conozcan
mi dicha los que pasan por el llano,
en el fulgor que da a mi frente tosca
en la tremolación que hay en mi mano...

Es noche y baja a la hierba el rocío;
mírame largo y habla con ternura,
¡que ya mañana al descender al río
lo que besaste llevará hermosura!

Ausencia

Se va de ti mi cuerpo gota a gota.
Se va mi cara en un óleo sordo;
se van mis manos en azogue suelto;
se van mis pies en dos tiempos de polvo.
¡Se te va todo, se nos va todo!

Se va mi voz, que te hacía campana
cerrada a cuanto no somos nosotros.
Se van mis gestos que se devanaban,
en lanzaderas, debajo tus ojos.
Y se te va la mirada que entrega,
cuando te mira, el enebro y el olmo.

Me voy de ti con tus mismos alientos:

como humedad de tu cuerpo evaporo.
Me voy de ti con vigilia y con sueño,
y en tu recuerdo más fiel ya me borro.
Y en tu memoria me vuelvo como esos
que no nacieron ni en llanos ni en sotos.

Sangre sería y me fuese en las palmas
de tu labor, y en tu boca de mosto.
Tu entraña fuese, y sería quemada
en marchas tuyas que nunca más oigo,
¡y en tu pasión que retumba en la noche
como demencia de mares solos!
¡Se nos va todo, se nos va todo!

Balada

Él pasó con otra;
yo le vi pasar.
Siempre dulce el viento
y el camino en paz.
¡Y estos ojos míseros
le vieron pasar!

Él va amando a otra
por la tierra en flor.
Ha abierto el espino;
pasa una canción.
¡Y él va amando a otra
por la tierra en flor!

El besó a la otra
a orillas del mar;
resbaló en las olas
la luna de azahar.
¡Y no untó mi sangre
la extensión del mar!

El irá con otra
por la eternidad.
Habrá cielos dulces.
(Dios quiera callar.)
¡Y él irá con otra
por la eternidad!



Nuria Lorenzo, mezzosoprano

Nace en Vigo, Pontevedra. Titulada Superior en Canto polo Conservatorio Superior de Música da devandita cidade. Compaxina estes estudos coas clases maxistras da mezzosoprano Helga Mueller Mollinari en Verona, Italia.

No ano 2015 recibe a Medalla de Galega Destacada 2014 en recoñecemento á súa traxectoria profesional como cantante lírica e directora de coros. Gañadora do 2.º Premio Nacional de España no concurso J. J. M. M; 1.º

Premio de Galicia no concurso Música Xove; 1.º Premio á Excelencia Musical na Coruña; e o 1.º Premio á Interpretación Musical en Vigo, así como finalista en varios concursos internacionais. Foi elixida pola Fundación Pedro Barrié de la Maza para participar no V Ciclo de Novos Intérpretes, no cal resultou finalista. Foi bolseira pola Universidade de San Louis (EE. UU.) para estudar interpretación da canción española.

Cantou por toda a xeografía española, parte de Europa e fixo unha xira por todo Venezuela cantando en diferentes teatros do país. Cantou nos mellores teatros de España: Liceo de Barcelona, Auditorio do Castell de Peralada de Xirona, Bilbao (ABAO) no Palacio Euskalduna e Teatro Arriaga, Teatro da Zarzuela de Madrid, Palacio da Ópera da Coruña, Palau da Música de Valencia, Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela, Teatro Afundación de Vigo, Auditorio de Roquetas de Mar e Teatro Cuyás de Gran Canaria, xunto ás voces internacionais máis relevantes do panorama lírico (Carlos Álvarez, Ainhoa Arteta, Fiorenza Cedolins, Gregory Kunde, Daniela Barcelona, Marcelo Álvarez, Ildar Abrasakov, Marian Cornetti, Inva Mula). Foi dirixida polas mellores batutas do mundo (Marco Armiliato, Pablo Heras-Casado, Juanjo Mena, Cristobal Adoitar, Josep Pons, Marcello Panni, Miguel Ángel Gómez Martínez, Ramón Tebar, Manuel Coves), etc.

Gravou un CD titulado *Lembrándote*, onde interpreta obras de variados estilos como a zarzuela, ópera e lied.



Alejo Amoedo, pianista

Especializado no repertorio de compositores galegos, realiza estudos de acompañamento vocal en Madrid co lendario pianista Miguel Zanetti. Alejo é Doutor pola Universitat Politècnica de Valencia.

Dos seus traballos discográficos destacan o triplo CD *Antoloxía de Compositores Galegos* (Ouvirmos, 2013), xunto ao clarinetista Asterio Leiva; os realizados co trompetista Rubén Simeó, *Virtuosimo Barroco* (2011), *Fantasy Trumpet* (2012) e *Trumpet Comtemporary* (2013), producidos en Portugal por Jose Lourenço; *Méodies* (Mans, 2012), xunto á mezzosoprano Iria Cuevas; *Cantos que veñen de lonxe* (Eme, 2014), poemas de Xosé Neira Vilas, musicados por Xervasio Vázquez, coa voz de Cesáreo Torres; *Evocación* (Dos Acordes, 2016), coa obra para piano só de Reveriano Soutullo; e o máis recente *Cantos á natureza* (Fervenzas, 2018), coa soprano Susana de Lorenzo e o tenor Cesáreo Torres, con textos póstumos de Neira Vilas e musicado polos compositores, Juan Durán, Margarita Viso, María Mendoza, Xabier Comesanha e Paulino Pereiro.

Foi pianista acompañante nos conservatorios profesionais de Pontevedra e Vigo, así como na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo de Porto (Portugal) e na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela. Na actualidade pertence ao Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas da Xunta de Galicia na especialidade de Repertorio para Piano con Instrumentos, con destino no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

É un dos integrantes do colectivo cultural Pertenza e membro fundador da recentemente constituída Irmandade da Música Galega que ten como obxectivo a preservación e divulgación da música galega. Por último, Alejo Amoedo é membro da Sección de Música, Artes Escénicas e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega.

<https://www.alejoamoedo.com>